


PROPOSTA DIDÁCTICA DE REFLEXIÓN - ACCIÓN derredor do 8M

Día Internacional das Mulleres



Edita: **InteRed**

Autoría: InteRed

Diseño e maquetación: Rosy Botero

Ilustración manos cubierta: *PURA QUITERIA*

Data: setembro 2025

ISBN: 978-84-121198-8-6

Financia:



Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con cargo ao convenio «Alianza 4.7 por unha cidadanía global: cumprir o noso compromiso en 2030» (2022/PCONV/000319).

O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

Contido



Presentación

páx. 4

1

**Contextua-
lización do 8M**

páx. 6

2

**Sesións
didácticas**

páx. 7

3

1. Presentación


Este **8M** presentamos unha proposta didáctica na que queremos visibilizar, pór en valor e agradecer o traballo das mulleres defensoras do territorio que, desde todas as latitudes, acotío defenden outros modos de vida que hai nos lugares que habitan e que as levaron a traballar desde o colectivo, desde o comunitario para dignificar outras formas de ser e estar e defender un futuro que sexa digno de ser vivido para todas as persoas.

Con esta proposta tamén pretendemos recuperar a memoria histórica das mulleres, das loitas pasadas e presentes que impulsaron e nas que participaron como coidadoras da vida ao soste os coidados que a fan posible. Este percorrido é imprescindible para recuperar leccións aprendidas, logros, pensar xuntas interxeracionalmente e non desandar camiños percorridos.

Esta comprensión do “territorio” está atravesada pola ecoddependencia e a interdependencia, pola que se concibe conformado pola natureza, as persoas, outras especies... onde os seres humanos son un elemento máis que se interrelaciona cos outros en equilibrio, formando todos eles unha comunidade en termos de complementariedade e reciprocidade, sen elementos de dominación e relacións de poder. É importante sinalar, que cando falamos da defensa do territorio, non só se circunscribe á defensa do ámbito natural, senón que hai unha multiplicidade de elementos intanxibles que o compoñen como a cultura, a lingua, as tradicións, os valores e cosmovisións, ou as identidades que conforman o significado de habitar un territorio. Resignificalo é fundamental para entendermos o fondo das loitas dos pobos e as súas repercusións en termos ambientais, pero tamén de xustiza social. Cando falamos de habitar os territorios referímonos a habitalos desde lóxicas horizontais, non de explotación ou de dominación; lóxicas que nos permitan dialogar co que sucede neles desde os coidados e a transformación social.

Na proposta de reflexión-acción deste ano, traballarase sobre mulleres e movementos concretos a través de diferentes actividades por cada etapa educativa. Impulsarase que o alumnado poida mirar desde unha multiplicidade de lugares e profundar no significado de pertenza aos territorios, co foco na importancia das iniciativas colectivas, do comunitario para crear hoxe eses futuros que **soñamos** e nos que desexamos vivir da man dalgunha defensoras clave.

Para resolver algunhas actividades utilizaranse de fondo pedagogías críticas, como a educación despatriarcalizadora, que se centran no cuestionamento dos sistemas de opresión, fomentan o pensamento crítico e a transformación social e proveñen doutras latitudes, especialmente América Latina ou Abya Yala, para sacarnos da visión eurocéntrica e invitar o profesorado e o alumnado a mirar as cousas desde outros lugares. Porque desde onde miramos, pode cambialo todo.



Acompáñanos?

Sigue lendo.

Este curso queremos propoñerche catro actividades didácticas, unha por cada etapa educativa: segundo ciclo de infantil, primaria, secundaria e mais bacharelato e ciclos formativos. Están pensadas para traballar desde un enfoque socio-afectivo e de pensamento crítico e mobilización, moi necesarios na conxuntura que vivimos na actualidade. Aínda que a proposta está pensada para o sistema educativo formal, as actividades son susceptibles de ser adaptadas para traballar desde a educación non formal.

Ademais, esta proposta enmárcase no traballo que InteRed vén desenvolvendo sobre ecofeminismos, a pedagogía dos coidados, a educación transformadora e da campaña #TOCAIGUAL-

DAD, de prevención de violencias machistas. Esta

campaña ten por obxectivo promover —especialmente entre a mocidade— unha actitude crítica, reflexiva e activa en relación coas desigualdades e violencias específicas que viven as mulleres polo feito de selo, apostando por unha folla de ruta coeducativa desde catro eixes de actuación na aula:



**O coidado
das persoas e mais
do planeta.**



**O recoñecemento
da diversidade
de identidades.**



**A promoción dunha
educación afectivo-
sexual respectuosa e de
calidade.**



**A prevención
das violencias
machistas.**

2. Contextualización do 8M

O **8 de marzo celébrase o Día Internacional das Mulleres**, unha data que visibiliza e recoñece o traballo diario das mulleres por lles poñer fin ás discriminacións que sofren en todas as esferas das súas vidas (persoal, familiar e social) e as diferentes formas de violencia que estas desigualdades xeran en todo o mundo. Este día conmemora a unión das mulleres, e de cada vez máis homes en todo o planeta, para acabar coas desigualdades entre mulleres e homes, e visibiliza os seus logros, o seu percorrido histórico e a súa aposta por unha sociedade igualitaria. Porque sabemos que depende da unión de todas as persoas desde a nosa diversidade, como seres únicos que temos moito que achegar neste camiño, porque #tocaigualdad.



¿Por que un 8 de marzo?



O 8 de marzo conmemórase o Día Internacional das Mulleres no que defendemos unha loita internacional para alcanzar a igualdade de xénero real e efectiva. A historia remóntase a hai máis de 100 anos, concretamente, o 8 de marzo de 1857, cando centos de mulleres traballadoras dunha fábrica de téxtiles de Nova York marcharon polas rúas para protestaren contra as míseras condicións laborais e os baixos salarios que cobraban (menos da metade do que cobraban os homes). Foi unha das primeiras manifestacións para loitar polos seus dereitos e distintos movementos, sucesos e mobilizacións (como a folga das camiseiras de 1909) sucedéronse a partir de entón. O episodio tamén serviu de referencia para celebrar posteriormente, en 1910, a II Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas en Copenhague, onde se estableceu o 8M como Día Internacional da Muller Traballadora. O capítulo máis cruento da loita polos dereitos das mulleres produciuse, no entanto, o 25 de marzo de 1911, cando ardeu a fábrica de camisas Triangle Shirtwaist de Nova York. Morreron un total de 123 mulleres e 23 homes. A maioría eran xente nova migrante de entre 14 e 23 anos. Foi nese mesmo mes de marzo de 1911 cando se celebrou por primeira vez o Día da Muller en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, e tivo lugar a I Marcha Internacional de Mulleres co lema “Igual Traballo, Igual Salario”. Esta celebración foise ampliando progresivamente a máis países; en España celebrouse por primeira vez en 1936 e 39 anos máis tarde a ONU declara a década das mulleres de 1975-1985 e establécese oficialmente o 8M como o Día Internacional da Muller.

3. Sesións didácticas

As propostas didácticas deseñáronse tratando de englobar varias etapas educativas, polo que requirirán da adaptación última do profesorado para a súa realización, en función do nivel madurativo do grupo e as súas capacidades.




Educación infantil:
Mina- Wangari
Maathai.



Educación primaria:
Movimiento
Chipko.



Educación secundaria:
O futuro non se vende.
Mulleres defensoras
en pé de terra.



Bacharelato e FP:
Tecedoras guatemaltecas en
defensa da súa dignidade e o
seu traballo.

SESIÓN 8 DE MARZO

Educación Infantil (segundo ciclo)

MINA – WANGARI MAATHAI

Obxectivos de aprendizaxe

- Coñecer a historia de Wangari Maathai e o seu labor no coidado do planeta.
- Pensarse como un elemento máis da natureza e conectar emocionalmente con ela.
- Sentir, reimaxinar e reapropiarnos dos territorios que habitamos desde lóxicas horizontais.¹
- Entender a importancia de levar a cabo iniciativas colectivas desde o comunitario.



Materiais

Papelógrafos ou papel continuo.
Pinturas de cores.
Cartolinas.
Cinta adhesiva.
Rotuladores.
Unha copia do [conto Mina](#).
Láminas das páxinas 20 e 21.
Obxecto reciclado para facer de testo grande.
Terra.
Sobres de sementes.
Pauciños.

Axenda 2030

Eixe: Persoas

ODS Principais cos que se vencia:
[5 - Igualdade de xénero.](#)

Competencias educativas

Competencia en comunicación lingüística.
Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
Competencia cidadá.
Competencia en conciencia e expresión culturais.

1. Referímonos a habitar as contornas das que formamos parte desde lóxicas horizontes, non de explotación ou de dominación, que nos permitan dialogar co que sucede neses territorios desde lóxicas de coidados e de xustiza social.

Que é a cartografía social?²

É unha metodoloxía de construción colectiva de mapas, onde se producen novos sentidos espaciais. No proceso téntase sempre establecer vínculos horizontais e relacións de participación recíproca. O produto da intervención da práctica non ten un resultado-mapa. O resultado é o propio proceso que se xera entre os suxeitos participantes e as marcas singulares que se lle agregan ao mapa.

- Pasamos de reproducir pasivamente os mapas dados, a producir os nosos propios mapas como acto creativo.
- Todas as persoas somos cartógrafas/os, aprendices e produtoras/os de territorio.
- A construción realízase no diálogo e debate; compartindo experiencias. Despois do diálogo e debate, todas as persoas coñecemos máis do territorio producido.
- Ao coñecer máis o territorio, é máis factible intervir nel, navegando nas súas múltiples realidades. Axúdanos a entender que o territorio é subxectivo, polo tanto, construído desde os nosos sentidos, experiencia e procesos sociais. O territorial é memoria; desexo; evento e proxección.

Desenvolvemento da sesión e orientacións metodolóxicas

IDENTIFICAR E DESMONTAR

Momento 1. Preparación

- A persoa docente levará papel continuo ou varios papelógrafos unidos e pediralles ao alumnado que senten ao redor en formato asemblea³.
- Deixará sobre o papelógrafo pinturas (no caso do alumnado máis pequeno pode preparar previamente árbores e plantas de cartolina cunha cinta adhesiva para que o alumnado poida pegalo á hora de realizar a cartografía emocional).
- Empézase cunha actividade de recoñecemento da contorna preguntando: *Gústanvos as árbores? como son? de que cores? cambian durante o ano? como olen? como se senten cando as tocamos? para que serven? parécennos importantes?*
- *Onde atopades árbores ou plantas nos lugares onde pasades o día? nos lugares importantes para vós? como son eses lugares?* A persoa docente irá debuxando os lugares e espazos que lle indiquen (por exemplo, o centro educativo, o parque, o horto urbano, a praza, as casas...) creando unha especie de barrio. Os espazos plasmaranse segundo a percepción deles que transmita o alumnado nas súas descrições, é dicir, non como

2. Neste caso propónse unha adaptación desta metodoloxía debido á etapa madurativa, con todo, danse unhas pinceladas conceptuais para unha mellor comprensión para o profesorado.

3. Tamén se podería colocar o papelógrafo na parede para que a persoa docente vaia debuxando o que o alumnado lle relate, e despois, no traballo en común baixalo ao chan. Recomendámoslle ao profesorado que adapte estas mecánicas de grupo ao modo en que mellor funcione co seu alumnado.

son, senón como o alumnado os percibe (por exemplo: quizais o parque, que é onde pasan as tardes, o perciban grande e cheo de lugares interesantes e variados porque neste espazo desenvolven xogos moi diversos, ou pode ser que as dúas árbores que hai no patio se perciban como grandes e que ocupan moito espazo porque para elas/es son importantes).

- Despois invítarase o alumnado para que debuxen ou peguen árbores e plantas nos lugares do barrio que se debuxou onde as haxa, pero tamén nos lugares onde lles gustaría que as houbera para repensar como lles gustaría que fose o seu centro educativo, o seu barrio, o seu horto urbano, os seus parques...
- Cando se termina a cartografía, pregúntaselles e reflexiónase de forma conxunta: *Que ocorrería se non houbera árbores, ou plantas ou flores? Como sería o noso colexio, ou o parque onde imos xogar, ou as rúas e prazas polas que camiñamos no noso barrio? E se xa non estivese a froitaría onde imos coa familia para mercar froita porque non hai árbores e matogueiras que as produzan? E se xa non puidésemos atoparnos con outras/os nenas/os e familias no parque para xogar xuntas e conversar porque ao non haber sombras das árbores vai demasiado sol e calor? E se os animais desaparecesen porque non poden construír os seus tobos ou atopar os alimentos? E se as aves deixasen de vir aniñar no noso barrio porque non teñen onde construír os niños?*

Momento 2. Conto

- *Queredes coñecer a historia dunha persoa que vivía nunha aldea na que cortaron as árbores para vender a madeira. Queredes saber como se deu conta de que xa non era un lugar para vivir ben. E como vendo isto decidiu actuar, e compartir as ideas con outras mulleres preocupadas polo mesmo e uníronse para buscaren unha solución xuntas.*
- Lectura da páxina 20 do [conto Mina](#), mentres se mostra a 21 para introducir a historia de Wangari Maathai:

“A Wangari Maathai chamábanlle a muller árbore, morreu hai uns anos. Foi unha muller que naceu en Kenya, un país de África, onde chegou a plantar máis de 47 millóns de árbores. Recibiu un premio moi importante por coidar da natureza”.

Autoría: Alejandra Salmerón Ntutumu
Ilustración: Adaora Onwuasoanya Martínez.



- Tamén se pode complementar a historia con este [vídeo](#).
- Outro material interesante para complementar é esta historia narrada pola propia Wangari Maathai: [“Serei un colibrí”](#).
- Para rematar esta sesión reflexiónase co alumnado sobre a importancia de defender os lugares onde vivimos, e para iso debemos pensar como nos gusta que sexan para que vivir neles sexa agradable para as persoas, os animais, as plantas etc. Cando non son así, as persoas podemos xuntarnos, pensar xuntas e actuar para defendelos.

ACTUAR

Momento 3. Sementeiro

- Pediráselle previamente ao alumnado que leven á clase un pauciño pequeno que recolleron do chan do parque ou do campo e coa axuda das familias, na casa escribirán nel o nome dunha muller que lles pareza que contribúe a soste a vida mediante os coidados (por exemplo: pode ser unha muller da súa familia, a súa mestra, persoas do barrio que coñezan ou unha referente histórica que a súa familia queira explicarlle...) e decoraranos como queiran.
- Na aula, a persoa docente levará un recipiente grande de reciclaxe para utilizar como un testo con pauciños e facer unha plantación colectiva, organizando entre o alumnado as diferentes tarefas (por exemplo, botar e remover a terra, facer sucos, botar as sementes, tapalas con area, regar...).
- Cada persoa explicará a quen escolleu como referente e cravará o seu pauciño co nome desa muller no testo.
- O testo cos pauciños colocarse nun lugar visible do centro educativo para compartir a iniciativa co resto da comunidade educativa.
- É importante que se fagan quendas para regar co alumnado de modo que a idea do coidado da vida arraigue, non como acción puntual senón como algo cotián e necesario para a vida.

Reflexión

- Homenaxear as mulleres que tecen, coidan e manteñen a vida nos territorios.
- Vincular a historia de Wangari Maathai co que sucede en moitas partes do mundo, incluída a súa realidade cotiá e como traballando colectivamente se poden cambiar as cousas.
- Reflexionar sobre a importancia de coidar a vida e de apropiarnos dos lugares onde vivimos sabendo que xuntas podemos transformalos coas nosas accións para que sexan lugares onde vivamos mellor e máis a gusto.

SESIÓN 8 DE MARZO

Educación Primaria

MOVIMIENTO CHIPKO

Obxectivos de aprendizaxe

- Coñecer a historia do movemento Chipko.
- Reflexionar sobre como as persoas somos un elemento máis dun ecosistema máis amplo do que formamos parte.
- Pór en valor as emocións que se xeran respecto ao medio natural no que viven.
- Entender que cada persoa pode ser un axente activo para defender os lugares que habita e a importancia de pensar e levar a cabo iniciativas de forma colectiva.
- Sensibilizar sobre a igualdade de xénero e a data que se conmemora.



Materiais

Audioconto [“No feito do mundo: Chipko”](#). Un conto propio. Pandora Mirabilia.
Guía didáctica [“Aprender a coidar a vida”](#). Actividade Ecoloxía dun abrazo. Páxinas 24 a 27. InteRed.
[Material de afondamento](#) sobre o movemento Chipko para o profesorado.
Cartolinas.
Rotuladores.
Cinta adhesiva.
Pinturas de diferentes cores.

Axenda 2030

Eixe: Persoas

ODS Principais cos que se vencella:

5 - Igualdade de xénero

Competencias educativas

Competencia en comunicación lingüística.
Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
Competencia cidadá.
Competencia en conciencia e expresión culturais.

Desenvolvemento da sesión e orientacións metodolóxicas

IDENTIFICAR

Momento 1. Preparación

- Recoméndaselle ao profesorado que lea previamente a [introdución](#) á actividade Ecoloxía dun abrazo na páxina 24, onde se dá información sobre o movemento Chipko, así como o [material de afondamento](#).
- Iniciarase preguntándolle ao alumnado se escoitaron falar do movemento Chipko e que lles suxire esa palabra. Recóllense as súas ideas e explícase o significado.
- Despois nun mapamundi da aula deberán situar a India e o departamento de Uttar Pradesh. Se é posible mostraráselle ao alumnado fotos da zona para que lles sexa máis fácil conectar emocionalmente co lugar onde transcorre a historia sobre a que se vai traballar na sesión.

DESMONTAR

Momento 2. La historia de Gaura Devi

- Porase o audioconto de Pandora Mirabilia da colección Un conto propio titulado: [“No teito do mundo: Chipko”](#).
- Tras a escoita do audioconto pregúntaselle ao alumnado: cal foi o problema no lugar onde vivía Gaura? por que as árbores eran tan importantes para estas mulleres? que fixeron para protexer as árbores? funcionaría igual se o fixera só Gaura en lugar de se xuntaren todas as mulleres?
- A través das respostas do alumnado explícase como estas defensoras do territorio utilizaron o abrazo e o amor polo seu territorio como estratexia de oposición e defensa á ameaza das empresas de corta. Reflexionar co alumnado sobre isto é importante dado que adoitan estar máis expostos a ver como os actos violentos se responden con actos máis violentos, e non tanto a formas pacíficas de resolución dos conflitos ou de expresión dos desacordos.

Momento 3. Ecoloxía dun abrazo⁴

- Propónselle ao alumnado que analice a súa vida, as súas prioridades, os seus valores, as persoas que máis lles importan, aquilo que é importante para elas/es e abrazalo.
- Para iso, deben saber cal é a súa potencialidade de abrazo. Pediráselles que cada alumna/o mida a lonxitude de circunferencia de abrazo de dedo maior a dedo maior (no xesto dun abrazo). Esta tarefa téñena

4. Esta actividade está baseada na proposta artística de Verónica Perales, activista ecofeminista: Ecoloxía dun abrazo (extrapolado), ou como organizar a nosa vida no perímetro dunha árbore (Perales 2000). Práctica de Eva Perales. Prácticas artísticas para unha pedagogía do sentir (pp 207-225). Editorial Aula Magna.

que realizar en parellas, cada persoa axudarlle a outra/o compañeira/o para obter o perímetro do seu abrazo⁵.

- Unha vez obtido o perímetro do seu abrazo, individualmente, deberán debuxar unha circunferencia destas dimensións nunha cartolina con rotuladores ou pinturas. Esta tarefa é individual e invítase as persoas que participan a escoller un espazo da aula tranquilo (ou do patio), onde se sintan cómodas/os.
- A circunferencia debuxada simboliza o perímetro do tronco dunha árbore, onde se poden observar os aneis de crecemento, toda a vida dunha árbore. Dentro desta circunferencia, cada participante, debuxará, escribirá, pintará, coloreará, aquilo que o conforma, que abraza na súa vida.
- Tras realizar esta tarefa individual, poderase pasear entre as liñas de vida das/os compañeiras/os para observar que hai nelas.

Momento 4. Micorrizas

- As micorrizas son asociacións simbióticas entre as raíces das plantas e certos fungos do solo. Unha micorriza pode unir raíces de distintas árbores e fai que permanezan conectadas, transmitíndose información e coñecemento entre eles.
- A última parte desta actividade consiste en xerar micorrizas entre os abrazos ás árbores do alumnado. Polo tanto, o alumnado participante debe ir pintando micorrizas/unións entre as súas árbores e a das súas compañeiras/os con todas aquelas cousas que teñan en común. Desta maneira poder verse nas/os outras/os e que as outras persoas se vexan reflectidas nelas/es, xerando un ambiente de comunidade.
- Cando remate a actividade reflexiónase co alumnado: *foivos fácil ou difícil identificar as cousas importantes para vós? cando vistes as árbores das vosas/os compañeiras/os déstesvos conta de cousas importantes que quizais non incluíades ao principio nas vosas árbores? custouvos facer micorrizas? atopastes moitas ou poucas cousas en común coas árbores das vosas/os compañeiras/os? sentides que todas/os xuntas/os formamos un bosque?*

ACTUAR

Momento 5. O bosque

- Todas as cartolinas colocaranse nun lugar visible do centro respectando na súa ordenación as micorrizas que se xeraron a modo de exposición de modo que poida ser vista polo resto da comunidade educativa.
- Entre todo o alumnado participante decidírase o nome do bosque/exposición e escribirase un texto de forma colectiva explicando o movemento Chipko e as ideas claves que xerou o bosque (coidados, colectividade,...).

5. Nesta tarefa, invitamos o profesorado dos cursos iniciais de primaria a adaptar a tarefa da medición ás competencias que teña o seu alumnado para desenvolvela, por exemplo, poden saír dous participantes e o profesorado exemplifica como realizar a tarefa.

- No medio do bosque deixarase unha cartolina cun círculo en branco e un cesto con rotuladores, de modo que as propias persoas que vexan a exposición poidan deixar algo de si nesa árbore en branco e tamén unirse con outras árbores debuxando novas micorrizas.

Algúns conceptos para profundar⁶

- **Ecodependencia:** co propósito de lle facilitarmos ao alumnado que sexan conscientes de que os seres humanos necesitamos da natureza e do conxunto da biodiversidade para sobrevivir e que, ademais, formamos parte da trama da vida como unha especie máis. Temos que espertar o aprecio por todas as especies, incluídas aquelas que nos provocan rexeitamento, como os animais invertebrados, e paliar o déficit de natureza da sociedade actual. Cómpre pasar dunha cultura egocéntrica a outra de carácter ecocéntrico, consciente dos límites e da biomimética, é dicir que aprenda das leis de funcionamento da vida e se desenvolva de forma harmónica na biosfera.
- **Interdependencia:** coa intención de lle transmitirmos ao alumnado a importancia das relacións sociais, dos coidados e do apoio mutuo entre as persoas para adquirir o benestar. Somos seres sociais por natureza e a nosa felicidade ten que ver coa calidade das relacións humanas, aplicando unha mirada interseccional que combata as desigualdades en relación coa procedencia, a raza, a clase social, o xénero ou a orientación sexual.

Reflexión

- Reflexionar co alumnado sobre que cousas e persoas son importantes na nosa vida, que emocións xeran e aprobeitase para introducir os conceptos de eco dependencia e interdependencia.
- Identificar como lles damos importancia a cousas comúns que nos unen para traballarmos desde o colectivo, como fixeron as mulleres do movemento Chipko.
- Conversar sobre como desde iniciativas pacíficas e baseadas na afectividade tamén se pode exercer resistencia ante situacións que se queren cambiar.

6. Extraído de: Morán, Charo y Garúa S. Coop. Mad. (2025). *Educación para o coidado das persoas e o planeta: actividades ecosociais nas aulas*. InteRed.

SESIÓN 8 DE MARZO

Educación secundaria

O FUTURO NON SE VENDE.

MULLERES DEFENSORAS EN PÉ DE TERRA

Obxectivos de aprendizaxe

- Coñecer a figura das defensoras do territorio e o labor que realizan.
- Identificar os elementos clave dos movementos cidadáns que defenden a vida fronte a iniciativas que danan a vida dos territorios.
- Entender a importancia da memoria histórica e das narrativas alternativas para a creación doutros futuros posibles.
- Sensibilizar sobre a igualdade de xénero e a data que se conmemora.



Materiais

Folios e bolígrafos.

Copias da táboa de análise.

[Vídeo O futuro non se vende.](#)

[Mulleres defensoras en pé de terra.](#)

Acceso a Internet para realizar
procuras de información.

Pinturas e rotuladores.

Material de afondamento para o
profesorado: [Serie de podcast
sobre a defensa do territorio
ante megaproxectos extrac-
tivistis creada pola Rede
Latinoamericana de mulleres
defensoras de dereitos
ambientais e sociais.](#)

Axenda 2030

Eixe: Persoas

**ODS Principais cos
que se vencella:**

5 - Igualdade de xénero.

Competencias educativas

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Competencia cidadá.

Competencia en conciencia e expresión culturais.

Os cinco campos de acción do feminismo comunitario. metodoloxía de despatriarcalización⁷

Para o feminismo comunitario o patriarcado é o sistema de todas as opresións. Non é un sistema máis, é o sistema que oprime a humanidade e a natureza, construído historicamente, e todos os días, sobre o corpo das mulleres e os corpos feminizados. O patriarcado non é sinónimo de machismo, é moito máis complexo. O patriarcado é o sistema de todas as dominacións, opresións, explotacións, discriminacións e violencias. Iso significa que o capitalismo, colonialismo, racismo, machismo e extractivismo son ferramentas articuladas polo patriarcado. Artícuílaas para sosterse e reproducirse como sistema de dominación da natureza e da humanidade, en beneficio de grupos de poder: oligárquicos, terratenentes, capitais transnacionais, banqueiros, estados etc.

Baixo esta mirada, a despatriarcalización busca desarmar, destruír o patriarcado para restablecer a comunidade e a comunidade de comunidades como forma de organización da vida, das persoas e da natureza. Para lograr a despatriarcalización hai que tocar a estrutura.

Para iso, propónse facelo desde cinco campos de acción e de loita, desde cinco dimensións políticas: *corpo, territorio, tempo, movemento e memoria*. Estas dimensións da vida non existen por separado, interrelaciónanse permanentemente.

- **Corpo:** como lugares de liberdade e autocontrol, con capacidade de establecer relacións positivas de amizade, amor, respecto e complementariedade. Evitando as relacións de poder baseadas no machismo, racismo e clasismo. O corpo das mulleres é unha dimensión onde se constrúe e se sostén o patriarcado.
- **Territorio:** como campo vital tanxible e intanxible, no cal establecemos relacións harmónicas coa Pachamama Nai terra; e con outras persoas das comunidades e pobos. Tamén é o lugar onde se manifesta o patriarcado, por exemplo, en forma de extractivismo.
- **Tempo:** como experiencia cíclica e única para vivir ben desde o coidado da vida; para iso é fundamental compartir o traballo dos coidados. Tomado polo sistema patriarcal para a produción a través da explotación, o sistema déixanos sen tempo para a vida.
- **Movemento:** para empezar e terminar, proxectar, organizarnos, esixir, alzar a voz e aliarnos en loitas colectivas. Non se pode acabar cos sistemas de opresión en soidade.
- **Memoria:** son as nosas raíces, o que enlaza ás nosas antepasadas, á sabedoría e á información ancestral, á experiencia, a historia, as loitas, resistencias e rebeldías das nosas avoas que non hai que esquecer. Os sistemas de opresión trataron de borrarla.

O centro, o obxectivo ou horizonte político da despatriarcalización é a comunidade.

Esta metodoloxía foi proposta no Plan Nacional de Igualdade de Oportunidades “Mulleres construíndo Bolivia para vivir ben”.

7. Guzmán, Adriana (2025). *Diplomado rexional de educación despatriarcalizadora*. InteRed.

Desenvolvemento da sesión e orientacións metodolóxicas

IDENTIFICAR E DESMONTAR

Momento 1. Preparación

- Antes de comezar recoméndaselle ao profesorado que profunda sobre que son os feminismos comunitarios e sobre os cinco elementos que se impulsan desde a educación despatriarcalizadora.
- Recoméndaselle ao profesorado que vexa previamente o vídeo para poder resolver dúbidas do alumnado posteriormente. [O futuro non se vende. Mulleres defensoras a pé de terra.](#)

Momento 2. Desenvolvemento da actividade

- Comézaselle preguntando ao alumnado: que credes que é unha “defensora do territorio”? *que fan? en que tipo de lugares viven? por que teñen que defender o territorio? de quen ou de que teñen que protexelo?* Anotaranse no taboleiro as ideas clave que vaian saíndo.
- Explícaselle ao alumnado que van ver un vídeo documental sobre tres problemáticas ambientais e sociais explicadas por tres mulleres que participan en movementos comunitarios cidadáns. E proxéctase o vídeo: [O futuro non se vende. Mulleres defensoras a pé de terra.](#)
- Despois de velo ponse en relación as súas impresións co observado no vídeo coas súas ideas previas: *imaxinaban que en territorios próximos tamén hai defensoras? imaxinábanas así? escoitaran falar das problemáticas territoriais que relatan? parécelles que paga a pena mobilizarse?*
- Unha vez que viron o vídeo, fórmanse tres grupos, a cada grupo asígnaselle unha problemática territorial que deberán analizar desde os cinco elementos do feminismo comunitario. Para iso, a persoa docente deberá explicar a metodoloxía de despatriarcalización dándolle contexto e explicando os cinco elementos. Como guía para a súa análise, que o alumnado deberá realizar en base ás narracións das defensoras contidas no vídeo, e a información complementaria que poidan indagar a través de Internet, cada grupo disporá dunha copia da seguinte táboa.
- Antes de comezar o traballo de grupos, deixaráselles un tempo para que se familiaricen co contido obxecto de análise e despois procederase a ver o vídeo por segunda vez, xa coa atención enfocada nas temáticas que se van comentar.
- Unha vez realizada a análise por grupos, escolleranse portavoces que presentarán os seus achados e conclusións en plenaria.

CORPO (analizar as relacións de poder que se dan nestas problemáticas, quen o exerce e como nos territorios e no benestar das persoas da zona)	
TERRITORIO (que consecuencias teñen as problemáticas no territorio, tanto a nivel ambiental coma na vida da cidadanía, a saúde e a política dos territorios onde teñen lugar)	
TEMPO (que implicacións no tempo tiveron estas problemáticas e a súa relación co coitado da vida)	
MOVEMENTO (buscando mulleres ou organizacións de mulleres e investigando o seu papel nestas loitas, tamén o papel da xente nova)	
MEMORIA (recuperar a memoria das loitas pasadas do territorio)	Exem: Burgos- Gamonal, EH – Lemoiz.
OUTRAS COUSAS QUE QUEIRADES SALIENTAR	

Momento 3. Reflexionando en plenaria sobre as historias das defensoras do territorio.

- Ves algunha diferenza entre o tres relatos que formula o vídeo?
- Que papel xogan as mulleres defensoras e que relación teñen cos coitados? e as persoas novas?
- Considerades que é importante traballar desde o colectivo? que beneficios ten fronte a facer as cousas de forma individual?
- Que cousas son as que máis vos sorprenderon do que escoitastes nas narracións das tres defensoras e na vosa propia investigación?

ACTUAR

Momento 4. Ecotopías

- A persoa docente introducirá os conceptos de *contranarrativas*⁸ e *narrativas alternativas*⁹ relacionándoos co tres casos que se formulan no

8. **Contranarrativa:** é un relato ou perspectiva dun feito ou da historia que se opón á narrativa hexemónica predominante, formulando outro relato que desmonta argumentos e dota doutras miradas sobre o mesmo feito. Por exemplo, no caso da plataforma Stop Guggenheim Urdaibai, xeran unha contranarrativa á do propio proxecto e os actores implicados que o impulsan en base á importancia do desenvolvemento turístico e económico. Neste caso a contranarrativa da plataforma pon a vida no centro e xera argumentos sobre impacto ecolóxico e social deste proxecto na zona.

9. **Narrativas alternativas:** aínda que hai quen interpreta ambos os termos como sinónimos, desde InterRed, neste caso, resignificámoslos non como unha reacción a narrativas preexistentes, senón que son narrativas que se xeran en base a proxeccións ou realidades que nacen de premisas como o pensamento anticapitalista, despatriarcalizador, antirracista e de xustiza social. Ás veces, trátase de darlle visibilidade e entidade a relatos xa existentes, que proveñen doutras latitudes e que nacen en base a outras formas de entender o mundo, a outras cosmovisións, que por non encaixar co discurso hexemónico, heteropatriarcal, capitalista e branco, se desbotaron por consideralas bárbaras ou atrasadas. Por exemplo, a Huerta Molinillo proponnos unha narrativa que describe un modelo de vida e de desenvolvemento que pon a vida no centro, que funciona desde o colectivo, e que pon a saúde das persoas e formas de produción respectuosas co planeta no centro do seu relato. Mesmo, rescatan e reivindicán a memoria de lxs abuelxs e as súas formas de vida e tradicións e ponas en valor.

vídeo. Resaltaré a importancia de reapropiarnos dos territorios nos que habitamos para o que necesitamos construír hoxe os futuros que desexamos, aqueles nos que a vida estea no centro e onde se poida vivir de forma digna.

- Nesta sección, a proposta é traballar desde as narrativas transformadoras mediante a elaboración de relatos ecotópicos en “El periódico del futuro”.¹⁰ Unha ecotopía é un *relato futurista que propón sociedades que viven nun equilibrio coa natureza, a xustiza social e cun modelo de vida sostible e digno para todas as persoas e para o planeta*, e isto é xusto o que se traballará co alumnado. Nos mesmos grupos xa conformados, deberán crear relatos ecotópicos deses futuros esperanzadores que visualizan para as persoas e para os territorios que habitan na forma creativa que imaxinen, e que cristalicen en forma de noticias que nutran ese xornal do futuro (entrevistas, noticias, columnas de opinión, tiras cómicas...). Poden crear o relato entre todas as persoas integrantes, repartir roles,... A seguinte táboa dá algunhas pistas que poden axudar o alumnado.



- Como chegar a esas ecotopías pode xerar incerteza, porque ás veces os “como” parecen demasiado grandes, pero atopar esas respostas apunta a pensar xuntas/os, desde o comunitario, desde o colectivo. E o que pode mobilizar a buscar eses “como” é ter metas ilusionantes e esperanzadoras, crear e imaxinar outros futuros posibles plasmados en historias. Neste caso, pediráselle ao alumnado que non se preocupe tanto por pensar neses “como”, senón que concentre a imaxinación en visualizar ese futuro desexado.
- Os relatos ecotópicos en forma de xornais do futuro colocaranse en formato mural nun lugar visible do centro educativo para sensibilizar o resto da comunidade educativa. Tamén se fomentará o intercambio de xornais do futuro entre os diferentes cursos da secundaria.

10. Inspirado nunha actividade de [La Intersección](#).

Algunhas referencias de relatos ecotópicos

Tamén vos deixamos algúns exemplos de relatos ecotópicos publicados en *El Salto Diario*:

- **Ecotopías:** [*Imaxinar o futuro para cambiar o presente.*](#)
- **Unicornio Bakano:** [*Relato finalistas do I Certame de relatos ecotópicos de Ecoloxistas en Acción.*](#)
- **Néctar:** [*Relato finalista do I Concurso de relatos ecotópicos de Ecoloxistas en Acción.*](#)

Reflexión

- Recoñecer, valorar e recuperar saberes e coñecementos visibilizando a achega das mulleres nas historias dos pobos.
- Poñer en valor os coidados como base do sostemento da vida e a quen realiza eses coidados, tanto nas nosas experiencias individuais coma a nivel estrutural, e problematizar as desigualdades que se xeran arredor deles.
- Reflexionar sobre a nosa propia identidade e vivencia como seres interdependentes e ecodependentes.

SESIÓN 8 DE MARZO

Bacharelato e FP

Tecedoras guatemaltecas en defensa da súa dignidade e o seu traballo

Obxectivos de aprendizaxe

- Reflexionar sobre os dereitos das culturas ancestrais indíxenas, da súa propiedade intelectual e a conservación da súa cultura.
- Comprender o concepto da “apropiación cultural” e a súa relación coa defensa do territorio.
- Reflexionar sobre alternativas xustas e sostibles no sector da moda.
- Sensibilizar sobre a igualdade de xénero e a data que se conmemora.



Materiais

Copias da táboa de análise.
Bolígrafos e cadernos persoais.
Rotuladores.
Papel continuo.
Cinta adhesiva.

[Vídeo Tecedoras Guatemaltecas en defensa da súa dignidade e o seu traballo.](#)

Material de consulta recomendado para o profesorado: [Os tecidos son os libros que a colonia non puido queimar.](#) Milvian Aspuac.

Material de consulta para o afondamento: [Rexistir.](#)

[Tecendo corpos-territorios.](#)

Material de consulta para o afondamento: [5 cousas das que non te das conta cando defendes a apropiación cultural. Tarxetas.](#)

Agenda 2030

Eixe: Persoas

ODS Principais cos que se vencella

5 - Igualdade de xénero

Competencias educativas

Competencia en comunicación lingüística.
Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
Competencia cidadá.
Competencia en conciencia e expresión culturais.

Introducción ao contexto

O neocolonialismo defínese como o poder económico que exercen as antigas potencias coloniais e empresas transnacionais sobre países descolonizados ou do sur global, que impiden a xustiza social e o dereito á súa soberanía.

O Movemento Nacional de Tecedoras Maias de Guatemala nace como resistencia a un modelo neocolonial que se apodera non só dos minerais, os bosques ou dos ríos do seu territorio, senón tamén da súa cultura e coñecementos ancestrais.

A roupa tradicional maia realizada en teares de cintura, é o resultado de saberes transmitidos por milenios de forma comunitaria, cuxos debuxos teñen un sentido espiritual, cultural e en moitos casos relacionados cos seus ritos sacros. A beleza dos deseños dos huipís (blusa tradicional con bordados simbólicos) despertou o interese de empresas do norte global que pretenden ter a exclusividade dos deseños e apropiarse da súa autoría intelectual.

Alén de símbolos e cores, os tecidos maias son a linguaxe da súa cosmovisión, da súa relación co cosmos e do seu profundo amor pola vida. A resistencia das Tecedoras Maias demanda o respecto dos seus dereitos e a protección da propiedade intelectual colectiva e ancestral.¹¹

O caso dos tecidos maias sobre o que se traballará nesta actividade é un caso de “apropiación cultural”, que é a toma ou adopción de elementos dunha cultura por parte doutra cultura, a miúdo sen comprender o seu significado orixinal ou sen o debido respecto.

Como se vincula a apropiación cultural e a defensa do territorio? Desde o momento en que a concepción do territorio se entende non só como a contorna natural, senón tamén como a identidade e a cultura, a apropiación cultural supón unha forma de extractivismo do coñecemento ancestral, das creacións e un desprezo e invisibilización dos significados culturais que as comunidades lles atribúen ás súas producións. Tamén é importante facer a mesma análise de relacións de poder que se faría cando falamos da terra.

Dimensións para descolonizar a educación¹²

- **INTRACULTURALIDAD:** para descolonizar (é dicir, para desestruturar un sistema de crenzas, imaxinarios, percepcións do propio corpo) é indispensable **saber quen son, de onde veño, quen somos, cal é a memoria que teño no meu corpo, cal é a memoria do territorio no que habito**. A estrutura de opresións que analizamos fixo que nos neguemos e que neguemos o noso territorio. A intraculturalidade é un paso indispensable para a descolonización, é o territorio material epistemolóxico, político e afectivo do cal partir.
- **INTERCULTURALIDADE (CRÍTICA):** por décadas, a educación concentrouse en modelos interculturais e inclusivos dos pobos e de

11. Extraído de: Morán, Charo y Garúa S. Coop. Mad. (2025). *Educar para o coidado das persoas e o planeta: actividades ecosociais nas aulas*. InteRed.

12. Guzmán, Adriana (2025). *Diplomado rexional de educación despatriarcalizadora*. InteRed.

sectores vulnerables. Moitas veces, esta categoría escondeu as relacións de poder baseadas na clase, raza, xénero e territorio. A descolonización formula a interculturalidade como diálogo de saberes, de coñecementos, de experiencias, de opresións comúns, de necesidade de organización para desestruturar esas opresións. Daquela, a interculturalidade é posible só entre iguais ou é a educación a que debe xerar predisposición para mirar as relacións de poder e tomar posición desde a igualdade, para lograr diálogos interculturais, fronte á migración, fronte á diversidade etc.

- **LINGUA:** a colonización foi posible impondo a forma de entender o tempo, o traballo, impondo unha relixión, unha lingua como única, oficial, como permitida; a lingua castelá no caso do Abya Yala, o inglés, francés, como linguas hexemónicas noutros procesos de colonización. A lingua é a dimensión, o territorio, o espazo fundamental para descolonizar o pensar, o ser, o saber, o sentir.

Desenvolvemento da sesión e orientacións metodolóxicas

IDENTIFICAR

Momento 1. Centrando o tema.

- Antes de proxectar o vídeo pídeselle ao alumnado que, note no seu caderno as ideas principais que lle xorden cando ven o [vídeo](#).
- Tras ver o vídeo por primeira vez, dividirase o alumnado en grupos e deberán traballar sobre as preguntas: *Que significa a defensa do territorio? que ten que ver a defensa do territorio coas problemáticas que expoñen as mulleres da asociación de tecedoras guatemaltecas? Escoitastes falar da “apropiación cultural? que credes que é?*

DESMONTAR

Momento 2. Mirada situada.

- Repartirase o alumnado en grupos e pediráselles que, tras ver o vídeo por segunda vez, analicen o contido tendo en conta as tres dimensións para descolonizar a educación:

INTRACULTURALIDADE Identidade cultural e comunitaria.	
INTERCULTURALIDADE Problemáticas da defensa do territorio que formulan e iniciativas. Relacións de poder que detectas.	
LINGUA Como utilizan as mulleres do vídeo o seu idioma maia para explicar o seu traballo e defensa.	
BUSCA OUTRO EXEMPLO QUE COÑEZAS NO TERRITORIO ONDE VIVES QUE TAMÉN CONSTITÚA UN CASO DE APROPIACIÓN CULTURAL.	

- Tras a análise, unha persoa portavoz de cada grupo exporá as principais conclusións e achados.

ACTUAR

Momento 2. Fast Fashion¹³

- Propómoslle ao alumnado que realice unha comparativa entre as nosas formas de vestir occidentais, incidindo especialmente na *Fast Fashion*¹⁴ e a forma tradicional nas comunidades indíxenas maias. Para iso propómoslles que, utilizando estas **tarxetas**, diferencien a información para ambos os tipos de formas de vestir.
- A seguir propómoslles que realicen un mural/colaxe no que se inclúan os distintos aspectos extraídos da actividade anterior e instámolos a que elixan un título para o mural que reflicta unha idea forza da actividade a modo de “slogan publicitario”.
- Os murais colocaranse nun lugar visible, como o corredor de secundaria e bacharelato ou a entrada do centro educativo, para compartir o que aprenderon co resto da comunidade educativa.

Momento 3. Reflexionar

- Como podemos apoiar as Tecedoras Maias na súa loita para conseguir a propiedade intelectual sobre a súa arte ancestral de confección téxtil?
- Que ten que ver a súa loita co patriarcado e o colonialismo?
- Que diferenza vedes entre a forma de vestir tradicional das Tecedoras Maias e a moda occidental actual? Que impactos ecosociais ten cada unha das formas de vestir?
- Que criterios pode usar te para ter un consumo máis consciente de roupa?

Reflexión

- Comprender que defender o territorio tamén é defender a identidade e a cultura, que a apropiación cultural é outra forma de extractivismo e ocupación do territorio.
- Comprender a defensa das creacións das tecedoras guatemaltecas desde a interseccionalidade e a memoria, como a historia e as loitas pasadas as atravesan do mesmo xeito que a súa condición de indíxenas, mulleres, de zonas rurais.
- Reflexionar sobre a relación entre os coidados e a concepción do tempo e a actividade profesional artesanal das tecedoras. Relacionalo con actividades tradicionais realizadas por mulleres individualmente pero tamén en comunidade como a realización do gancho ou a elaboración de comida nas festas patronais.
- Reflexionar sobre a folclorización e exotización da imaxe das mulleres maias guatemaltecas converténdooas en obxecto de consumo cultural.
- Comprender a importancia de pensar e actuar desde o colectivo para levar a cabo propostas.

13. Actividade extraída de: Morán, Charo y Garúa S. Coop. Mad. (2025). *Educación para el cuidado de las personas y el planeta: actividades ecosociales en las aulas*. InteRed.

14. A moda rápida, ou *fast fashion*, é un modelo de negocio na industria da moda que se caracteriza pola produción rápida e a grande escala de pezas de vestir a prezos baixos, imitando as últimas tendencias da pasarela. Este modelo busca satisfacer a demanda constante de novidades, con ciclos de produción e venda moi curtos, o que a miúdo resulta en roupa de baixa calidade e cun impacto ambiental e social significativo.

Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con cargo ao convenio «Alianza 4.7 por unha cidadanía global: cumprir o noso compromiso en 2030» (2022/PCONV/000319)».

O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

InteRed 

Financia



Deseño portada PURA QUITERIA